

CURSOS TEMPADA 2025-2026

HISTORIA DA ARTE

Aproximación ao proceso creativo escultórico nos séculos XX e XXI. Do monumento á performance

15 outubro 2025 – 22 abril 2026



Organiza: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Docente: Ana Pereira Molares

Lugar: galería A3, planta baixa

Datas: do 15 de outubro de 2025 ao 15 de abril de 2026

Horario: MÉRCORES de 19.00 a 20.30

Total sesións: 24

PRAZAS LIMITADAS. Inscripción e matrícula a partir do **16 de setembro**

Prezo: 190€ (desconto do 20% para membros da AAM Agrupación Amiga do MARCO e para estudantes, previa acreditación).

Posibilidade de pago fraccionado nos termos que se detallan na ficha de inscrición.

Aproximación ao proceso creativo escultórico nos séculos XX e XXI

A escultura é unha das Belas Artes na que o artista utiliza como medio de expresión a creación de figuras ou obxectos tridimensionais, é dicir volumes, que á súa vez conforman e definen espazos, e faíno a través de materiais, técnicas, temas e linguaxes moi diversas que evolucionaron e variaron ao longo da historia. Todos estes cambios experimentados pola práctica escultórica están condicionados polos diferentes contextos sociais nos que se insire, e tamén pola evolución na percepción das obras de arte a través dos séculos.

Ao iniciarse o século XX, ao tempo que o mundo asiste ao nacemento dunha sociedade radicalmente nova, tamén o fai a escultura, que será a actividade artística que experimente os cambios máis revolucionarios, centrados sobre todo en dous momentos: 1906-1930 e 1960-1970, auténticos epicentros da expansión do concepto escultórico. Nos seus últimos 125 anos de vida, o concepto escultórico clásico será analizado e redefinido en toda a súa profundidade, a través de exploracións plurais e camiños diversos. A escultura revélase, ensinémase, emancípase, faise maior, logrando unha conquista estética do indefinido e unha ampliación dos seus horizontes.

PROGRAMA / CALENDARIO

15 outubro 2025 – 22 abril 2026

NOTA: calendario suxeiro a posibles cambios, que no seu caso se comunicarán con antelación.

Sesión 1 (mércores 15 outubro)

O obxecto escultórico. Materiais, técnicas, temas e funcións.

Sesión 2 (mércores 22 outubro)

Historia e transformacións da escultura dende a Prehistoria ata o século XX (I)

Sesión 3 (mércores 29 outubro)

Historia e transformacións da escultura dende a Prehistoria ata o século XX (II)

Sesión 4 (mércores 5 novembro)

O comportamento escultórico a comezos do século XX. A continuidade coa tradición. O monumento público (I).

Sesión 5 (mércores 12 novembro)

O comportamento escultórico a comezos do século XX. A continuidade coa tradición. O monumento público (II).

Sesión 6 (mércores 19 novembro)

A ruptura coa tradición: o nacemento dunha nova linguaxe escultórico e dunha diferente percepción das formas. Auguste Rodin e Camille Claudel.

Sesión 7 (mércores 26 novembro)

A revolución das vangardas chega á escultura: do Expresionismo ao Surrealismo. A poética do Ready-Made (I)

Sesión 8 (mércores 3 decembro)

A revolución das vangardas chega á escultura: do Expresionismo ao Surrealismo. A poética do Ready-Made (II)

Sesión 9 (mércores 10 decembro)

Escultores que transitan por diferentes *ismos*. Constantin Brâncusi, Alberto Giacometti, Julio González, Alexander Calder, Henry Moore (I)

Sesión 10 (mércores 17 decembro)

Escultores que transitan por diferentes *ismos*. Constantin Brâncusi, Alberto Giacometti, Julio González, Alexander Calder, Henry Moore (II).

Sesión 11 (mércores 7 xaneiro)

A escultura na segunda metade do século XX. As novas políticas inversoras a partir dos anos 60. Cambios institucionais e formais: a escultura sae á rúa.

Sesión 12 (mércores 14 xaneiro)

Os anos 60: Neo-Dadá e Pop-Art, ou a escultura como antimonumento.

Sesión 13 (mércores 21 xaneiro)

A eclosión da escultura española na década dos 60. A importancia da escultura vasca.

Sesión 14 (mércores 28 xaneiro)

O Minimal Art. Diferentes interpretacións.

Sesión 15 (mércores 4 febreiro)

Arte Povera ou o empobrecemento dos signos.

Sesión 16 (mércores 11 febreiro)

O complexo abano da arte conceptual e outras tendencias tanxenciais. A arte na paisaxe.

Sesión 17 (mércores 18 febreiro)

Realizacións no corpo e co corpo: Body-Art e performance. Joseph Beuys, Ana Mendieta, Marina Abramović.

Sesión 18 (mércores 25 febreiro)

Os anos 80: revisión e decadencia do conceptualismo e a volta á escultura obxectual. Diferentes tendencias da nova escultura americana.

Sesión 19 (mércores 4 marzo)

A escultura inglesa. A promoción de 1988.

Sesión 20 (mércores 11 marzo)

A achega feminina. Escultoras alleas ás escolas: Louise Bourgeois e Yayoi Kusama.

Sesión 21 (mércores 25 marzo)

A escultura entendida como crítica institucional: Santiago Sierra, Maurizio Cattelan, Ai Weiwei.

Sesión 22 (mércores 8 abril)

Diferentes tendencias da escultura española a partir da década dos 80 (I)

Sesión 23 (mércores 15 abril)

Diferentes tendencias da escultura española a partir da década dos 80 (II)

Sesión 24 (mércores 22 abril)

Diferentes tendencias da escultura española a partir da década dos 80 (III)

Ana Pereira Molares é doutora en Historia da Arte, e ao longo da súa carreira profesional compaxinou a docencia cun intenso labor investigador, centrado fundamentalmente na arquitectura galega da Idade Moderna, que tivo o seu froito en numerosas publicacións. Nos últimos anos, esta liña de investigación deu paso a reflexións noutros ámbitos das artes, como a presenza das mulleres na creación artística ao longo da historia. Un claro exemplo é o seu estudo sobre 'Pintoras viguesas do século XX', que constituíu o seu discurso de ingreso no Instituto de Estudos Vigueses, como a primeira muller que foi nomeada membro da devandita institución. A estes traballos de carácter docente e editorial únese a súa actividade como conferenciante, colaboradora de prensa, comisaria de exposicións, e a súa participación en numerosos congresos. Foi profesora responsable do programa de didáctica da Historia da Arte de Caixanova (actualmente Afundación/Abanca), e dende 2003 colabora co MARCO impartindo cursos de Iniciación á Arte Contemporánea para adultos.